



**SOLICITUDE PARA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA
NO CONCELLO DE GONDOMAR**

SOLICITANTE

TITULAR DA AUTORIZACÓN:

Nome e apelidos (persoas físicas) ou denominación social (persoa xurídica)

Enderezo

Nº teléfono (**OBRIGATORIO**)

Correo electrónico (**OBRIGATORIO**)

Obxeto social ou actividade, tipo de produtos á venda.

EXPÓN E SOLICITA

Que considerando que cumpre cos requisitos esixidos na normativa reguladora da venda ambulante ou non sedentaria así como na ordenanza municipal reguladora da mesma (Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante ou non sedentaria - BOP núm. 125 de 29.06.2012) solicita **autorización municipal para a venda ambulante ou non sedentaria para o periodo do 1 de xaneiro ao 30 de xuño do ano 2024.**

Indicar o tamaño do posto: ALTO _____ M2 _____

LARGO _____

FONDO _____

Indicar tipo de mercancía á venda

Poderán solicitar a autorización municipal para a venda ambulante ou non sedentaria que se regula na ordenanza REGULADORA DA VENDA AMBULANTE OU NON SEDENTARIA DO CONCELLO DE GONDOMAR, tódalas e tódolos españois e estranxeiros, maiores de idade, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar conforme coa lexislación mercantil e co establecido na lei do comercio interior de Galicia e para o exercizo da venda ambulante.



DOCUMENTOS QUE DEBE PRESENTAR

1. Fotocopia CIF/ NIF / Tarxeta residencia ou permiso de traballo.
2. 1 Foto tamaño carne. **OBRIGATORIO**
3. Recibos que acrediten estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pago das súas cotizacións.
4. Acreditación documental da alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas e estar ao corrente no pago da tarifa ou, no seu caso estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.
5. Copia da Póliza do seguro vixente e xustificante do pago do mesmo, do contrato de seguro de responsabilidade civil que garante a cobertura dos riscos da actividade comercial.
6. Acreditación documental de ter satisfeito as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza fiscal (Ordenanza vixente segundo o Boletín Oficial da provincia de data 23.12.2015. BOP nº 247). *Para máis información consultar Ordenanza Fiscal na páxina web do concello de Gondomar.

Para o período de 6 meses, do 1 de xaneiro ao 30 de xuño do 2024 os importes en función do tamaño do posto son os seguintes:

- Postos de 4 metros lineais (4x2 metros, 8 m cadrados) o importe da taxa a satisfacer: 45,60€
- Postos de 6 metros lineais (6x2 metros, 12 m cadrados) o importe da taxa a satisfacer: 68,40€
- Postos de 8 metros lineais (8x2 metros, 16 m cadrados) o importe da taxa a satisfacer: 91,20€
- Postos de 10 metros lineais (10x2 metros, 20 m cadrados) o importe da taxa a satisfacer: 114€

A liquidación das taxas correspondentes deberán ser ingresadas nunha das seguintes contas bancarias:

ES17.2080.5035.0730.4001.1300

ES65.2100.5752.6102.0000.2566

7. Documentos que acrediten o cumprimento das obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorización de residencia e traballo, no caso de ser prestador procedente de países non integrantes da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo.
8. De ser o caso, certificado acreditativo de haber recibido formación en materia de manipulación de alimentos

O prazo para presentar as solicitudes e presentar o recibo de pagamento finaliza o 1 de febreiro de 2024.

A solicitude poderá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de luns a venres de 9:00 a 14:00 ou mediante sede electrónica, sendo este último caso obrigatorio para persoas xurídicas (art.14. Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

Non se aceptará ningunha solicitude que non achegue o recibo de pago.

En Gondomar a _____ de _____ do 2024.